


MERCADO LABORAL GALEGO: O SECTOR TURÍSTICO¹

Enquisa de Poboación Activa (EPA)² - Terceiro trimestre de 2025

O número de ocupados no terceiro trimestre de 2025 nas ramas características do turismo, acadou o valor de 128.662 persoas (dentro do cal as mulleres representan o 52,1 %) cunha variación anual do -0,7 %, representando un 10,9 % sobre o total de ocupados no conxunto da comunidade galega.




Dentro das ramas características do turismo, o 68,9 % dos ocupados pertencen á rama da hostalaría (Servizos de aloxamento e Servizos de comidas e bebidas) e 31,1 % restante ao resto de ramas características no seu conxunto.

¹As recomendacións internacionais inclúen como actividades características do turismo as seguintes ramas de actividade da CNAE 2009: 55 e 56 Hostalería, 491 Transporte interurbano de pasaxeiros por ferrocarril, 493 Outro transporte terrestre de pasaxeiros, 501 Transporte marítimo de pasaxeiros, 503 Transporte de pasaxeiros por vías navegables interiores, 511 Transporte aéreo de pasaxeiros, 522 Actividades anexas ao transporte, 791 Actividades de axencias de viaxes e operadores turísticos, 771 Aluguer de vehículos de motor, 773 Aluguer de outra maquinaria, equipos e bens tanxibles, 799 Outros servizos de reservas, 900 Actividades de creación, artísticas e espectáculos, 910 Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais, 931 Actividades deportivas, 932 Actividades recreativas e de entretemento.


²Poboación activa: Todas as persoas de 16 e máis anos que traballaron ou tiñan emprego a semana de referencia, é dicir, a semana anterior á semana teórica da entrevista na realización da enquisa. Comprende aos ocupados máis aos parados

1. Ocupados (ocupados subempregados por insuficiencia de horas; resto de ocupados)
 - 1.1. Asalariados (asalariado sector público; asalariado sector privado)
 - 1.1.1. Indefinido: Asalariados con contrato ou relación laboral indefinidos (permanente; discontinuo)
 - 1.1.2. Temporal: Asalariados con contrato temporal (por circunstancias da produción; de aprendizaxe, formación ou prácticas; estacional ou de tempada; sobre un período de proba; sobre a ausencia total ou parcial doutro traballador; para obra ou servizo determinado; verbal non incluído nas opcións anteriores; outro tipo; non sabe)
 - 1.2. Autónomos (empresario con asalariados; traballador independente ou empresario sen asalariados; membro dunha cooperativa; axuda na empresa ou negocio familiar; outra situación)
2. Parados (parados que buscan primeiro emprego; parados que traballaron antes)

Ocupados en turismo segundo rama Terceiro trimestre de 2025



Volume: Número de ocupados para o mesmo trimestre de todos os anos



O grupo dos asalariados é a parte máis numerosa dos ocupados en turismo, con 101.289 persoas, cunha variación anual dun 0,2 % respecto ao mesmo trimestre do ano anterior e cun peso no conxunto de asalariados da economía galega dun 10,5 %. Esta situación leva a unha taxa de asalarización (o número de asalariados sobre o total de ocupados) dun 78,7 %, cifra menor que a taxa de asalarización³ da economía galega no seu conxunto, cun 81,4 %. Pola súa parte, a taxa de temporalidade⁴ no conxunto das ramas carecterísticas do turismo é dun 23,1 %, cifra que se reduciu respecto ao mesmo trimestre do ano anterior nun -1,6 %.

³Taxa de asalarización: É o cociente, en porcentaxe, entre o número de asalariados e o número total de ocupados

⁴Taxa de temporalidade: É o cociente, en porcentaxe, entre o número de asalariados con contrato temporal e o número total de asalariados

Enquisa de Poboación Activa: 2025T3

Variable	Turismo: 2025T3	Turismo: Var. anual	Peso s/ Total Galicia
Ocupados	128.662	-0,7 %	10,9 %
Asalariados	101.289	0,2 %	10,5 %
Indefinidos	77.909	2,4 %	9,5 %
Temporais	23.380	-6,5 %	16,7 %
Autónomos	27.373	-3,8 %	12,5 %


Enquisa de Poboación Activa: 2025T3

Variable	Turismo: 2025T3	Turismo: Var. anual	Total Galicia
Taxa asalarización	78,7 %	0,7	81,4 %
Taxa temporalidade	23,1 %	-1,6	14,6 %

Nota


Variación anual das taxas de asalarización e temporalidade expresada en puntos porcentuais

Variacións anuais: Ocupados para o mesmo trimestre de todos os anos




Comparando co resto das CC.AA., o peso das ramas características do turismo sobre o total de ocupados en Galicia, un 10,9 %, sitúase lonxe do 30,2% de Balears, Illes. O número de ocupados no turismo da comunidade galega representou, neste terceiro trimestre de 2025 o 4,2 % do total de ocupados en turismo en España, por detrás do peso de comunidades como, Andalucía (17,97 %), Madrid, Comunidad de (16,3 %), Cataluña (16,09 %), Comunitat Valenciana (10,33 %), Canarias (9,12 %) ou Balears, Illes (6,59 %).

**Participación do turismo de cada comunidade
sobre o total de ocupados en turismo de España
Terceiro trimestre de 2025**



**Ocupados nas ramas características do turismo
sobre o total de ocupados de cada CCAA.
Terceiro trimestre de 2025**



Evolución: Peso dos ocupados para o mesmo trimestre de todos os anos

